

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DE FACULTADE DO 1 DE XUÑO DE 2017

Asistentes:

Arribas Álvarez, MCarmen
Barriocanal López, Yolanda
Castro Pérez, Ladislao
Comendador Rey, Beatriz
Espino Alvarado, Héctor
Juana López, Jesús de
Prada Rodríguez, Julio
Real López, Arturo
Reboreda Morillo, Susana
Vaquero Díaz, Beatriz

Desculpan a súa ausencia:

Fernández Castillo, Diego
López Díaz, María
Lozano González, Carlos
Presedo Garazo, Antonio
Taboada Rodríguez, Sofía
Valín Fernández, Alberto

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Xunta de Facultade, o xoves 1 de xuño de 2017, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, desenvolvéndose a orde do día prevista pola convocatoria do 2 de maio de 2017

- Lectura e aprobación das actas anteriores (4 e 19 de maio de 2017)
- Informe da Decana
- Aprobación, se procede, de actividade de difusión cultural
- Aprobación, se procede, dos rexistros R1 DO-0301 P1, IT01-PA07, IT01-PA08 e IT02-PA08
- Ratificación, se procede, das titulacións oficiais do centro (Anexo 5 Manual de Calidade)
- Solicitud, por parte da Delegación de Alumnado, de axuda para o Acto de Graduación
- Aprobación, se procede, das Alegacións e plan de mellora ao Informe provisional de avaliación para a renovación da acreditación
- Rolda de intervencións

1. Lectura e aprobación das actas anteriores (4 e 19 de maio de 2017)

Apróbanse as actas das sesións anteriores por asentimento.

2. Informe da Decana

A decana comenta as seguintes cuestións:

- Escusan a súa ausencia: Alberto Valín (cita médica), María López (sabático), Antonio Presedo (obrigas docentes), Carlos Lozano (motivos académicos), Diego Fernández (motivos persoais) e Sofía Taboada (motivos persoais).
- Comenta que no proceso de certificación da implantación do SGC do centro, que tivo lugar os días 23 e 24 de maio, no informe oral da Comisión Avaliadora se expuxo, xunto cunha serie de suxestións de accións de melloras, que íase emitir unha proposta de conforme. Agardamos que o informe escrito manteña esta mesma proposta.
- A raíz do Informe de renovación da acreditación, xurdiu a demanda, por parte do alumnado da modalidade semipresencial, de que existisen as menos diferencias posibles entre as opcións do alumnado de esta modalidade e a presencial. A coordinadora de grao, elaborou un documento cun mínimo de ítems que todas as materias deben incluír na plataforma moodle. Este documento foi debatido e aprobado pola Comisión de Calidade. A coordinadora de grao comenta que unha vez elaboradas as guías docentes, enviará o documento por correo ao profesorado e que aproveitando as xuntanzas específicas de planificación de outras actividades docentes, como horarios e actividades fóra das aulas se resolverán as dúbidas sobre os contidos da plataforma.

En relación á mellora da modalidade semipresencial, recorda a decana as posibilidades abertas de gravar as clases durante a docencia, ou ben durante o mes de xullo sen o alumnado ou incluso pílulas sobre diversos aspectos concretos das materias. Os técnicos da UVigo TV editarán as gravacións para podelas subir á plataforma. Neste momento hai 7 materias que se van gravar durante o curso.

- Lembra que como xa se aprobou o PCEO co Grao de Turismo e o Grao en Xeografía e Historia, vai comezar a campaña de promoción. As accións planifícanse, a nivel institucional, dende o gabinete do reitor, e tamén dun xeito conxunto polas dúas facultades. Neste marco vaise realizar unha rolda de prensa para presentar a nova oferta formativa a través dunha actividade, programada para o día 10 de xuño, que vincula a auga, o patrimonio e o turismo. Vaise realizar un roteiro polo río Mao e unha visita a necrópole de S. Vítor de Barxacova, guiada por membros da empresa Xeitura, integrada por egresados/as da facultade, tamén achegarémonos ao parador/mosteiro de S. Estevo de Ribas de Sil, onde unha egresada de Turismo, explicará como desenvolve as súas tarefas de xestión neste ámbito profesional. Sinala a decana que despois dunha consulta por parte dunha

alumna de Turismo, se decataron de que na memoria do PCEO aparece reflectido que de forma excepcional cada ano un máximo de dous estudantes matriculados en Xeografía e Historia e outros dous matriculados en Turismo poderán incorporarse ao mesmo. Soamente serán admitidas solicitudes cuxa nota media no grao de orixe sexa igual ou superior a 7 puntos sobre 10.

- Informa a decana que saliu a adxudicación provisional do concurso de PAS. Do persoal actual adscrito a Facultade de Historia, Dolores Domínguez é a única que permanecerá vinculada dalgún xeito ao centro. M^a Carmen Fernández ten destino nas Facultades de Ciencias, Informática e Aeroespacial e Óscar Veloso e Carmen Arribas tampouco permanecerán vinculados ao Centro. Afirmo que o partida de Carmen Arribas é a que afectará máis directamente a todos, porque non so desempeña tarefas administrativas, senón tamén realiza unha tarefa fundamental no equipo decanal. O obxectivo máis inmediato da decana é continuar no posto ata decembro sempre que haxa persoas que se comprometan a asumir as funcións que Carmen desenvolve.

3. Aprobación, se procede, de actividade de difusión cultural

Como xa se comentou antes, entre as accións de difusión do PCEO está a organización e posta en marcha do roteiro polo río Mao e san Estevo de Ribas do Sil. Para parte do seu financiamento, cóntase coa axuda da Vicerreitoría, e o resto vaise tramitar como unha actividade extraacadémica e de difusión cultural do centro. A facultade asumirá o gasto da empresa Xeitura e a Vicerreitoría do campus asume o custe do desprazamento do autobús.

Os membros da Xunta de Facultade aproban a actividade de difusión cultural.

4. Aprobación, se procede, dos rexistros R1 DO-0301 P1, IT01-PA07, IT01-PA08 e IT02-PA08

Estes rexistros xa foron validados na Comisión de Calidade. O primeiro ten que ver cos ítems relativos a información pública que o centro debe ter e os restantes sobre a xestión tanto dos recursos materiais, como da xestión dos servizos contratados. Complementando este último contamos cun informe, redactado pola administradora de campus, sobre o desenvolvemento dos mesmos.

Apróbanse os rexistros mencionados.

5. Ratificación, se procede, das titulacións oficiais do centro (Anexo 5 Manual Calidade)

O anexo 5 do Manual de Calidade inclúe as titulacións oficiais que se imparten no centro. Este anexo debe ser actualizado nos seguintes aspectos: engadir o PCEO do Grao en Turismo e do Grao en Xeografía e Historia e suprimir o título, xa extinguido, do Mestrado en Historia, Territorio e Recursos Patrimoniais.

Ratifícanse as titulacións oficiais do centro.

6. Solicitud, por parte da Delegación de Alumnado, de axuda para o Acto de Graduación

A decana informa que chegou unha solicitude, por parte da Delegación de Alumnado, de axuda para financiar o cátering posterior ao Acto de Graduación que terá lugar o 9 de xuño. Cédelle a palabra ao representante do alumnado Héctor Espino quen comenta que este ano, ao celebrarse o acto nun lugar máis amplo, invitaron a máis xente a participar, polo que o orzamento do cátering alcanza os 750€ e a delegación non pode asumilo todo porque quedaría moi restrinxida a súa asignación para o vindeiro curso, no que se prevén novos gastos, como a organización das xornadas de novos investigadores. A decana comenta que é algo que non se fixo nunca e que aceptalo suporía un precedente para vindeiros cursos. O profesor Julio Prada di que a delegación podería asumir o que teñen por costume e logo que fagan uns tickets para que cada alumno se responsabilice do pago das persoas que invite de máis. Aos representantes da delegación lles parece unha boa idea e a van propoñer aos seus compañeiros.

Non se vai conceder a axuda solicitada.

7. Aprobación, se procede, das Alegacións e plan de mellora ao Informe provisional de avaliación para a renovación da acreditación

A decana destaca que o documento que hoxe se presenta e que foi validado pola Comisión de Calidade e remitido coa convocatoria é o resultado de todas as suxestións recibidas, a partir dun primeiro borrador enviado por correo electrónico, por parte dos membros da Comisión de Calidade, de distinto profesorado da facultade, dos técnicos da Área de Calidade e da Unidade Técnica do campus.

Apróbanse as alegacións por unanimidade.

8. Rolda de intervencións

Non hai.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13.25 horas, e de todo dou fe como secretaria.

A decana

A secretaria


Susana Reboreda Morillo


MCarmen Arribas Alvarez